

TERRA DE OUTES

Revista TRIMESTRAL

Nº23 · xullo - setembro 2013

1€

XI ENCONTRO DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS DE GALICIA 2013

Deseño: ALFONSO COSTA

11-14 de xullo

O FREIXO - OUTES



Editorial: O encontro de embarcacións tradicionais no Freixo

Agora xustamente *Terra de Outes* cumpre oito anos. Neste curto período de tempo, porén, a nosa Asociación foi adquirindo unha rica experiencia na organización de todo tipo de actos, desde celebracións puntuais, como a do Día Internacional da Muller, das Letras Galegas, debates electorais, conmemoración da proclamación da II República ou algunha homenaxe (D. Manuel Canay, Xosé Agrelo), ata proxectos de maior envergadura como foron a creación desta propia revista, que vai cumprir seis anos de publicación trimestral ininterrompidos, ata a organización de xornadas culturais con varios días de duración, como foron as catro *Muiñadas* celebradas ata agora que incluíron exposicións, certames de pintura, recitais, roteiros, charlas e conferencias; iniciativas singulares como a publicación de libros (muiños de Outes, poemas de Gonzalo Armán), a restauración do Muíño Grabiél ou, un dos nosos proxectos máis queridos: a construción do Monumento ás Vítimas do Franquismo no Freixo, no lugar onde fora abatido o deputado republicano Luís Barrena; culminou a nosa traxectoria o pasado ano coa conmemoración do Bicentenario do poeta Añón, un ambicioso plan que incluíu a publicación doutros dous libros: unha reedición das poesías galegas de Añón que dera a luz a Real Academia Galega con ocasión das Letras Galegas do ano 66 que se adicaran ao noso escritor; outro a biografía do poeta, escrita por Ramón Blanco; a elaboración dun documental sobre o ilustre poeta; a edición dun disco con poemas de Añón musicados pola Banda municipal, as tres corais de Outes, a Banda de gaitas, Rodrigo Romaní, o Quinteto de Vento e o cantautor Xastre; a adquisición para o Concello dun retrato de Añón realizado polo reputado artista Alfonso Costa; un Congreso na Cidade da Cultura, no que participaron numerosas personalidades da cultura galega como Víctor Freixanes, Manuel González, Ramón Villares, Rosario Álvarez ou o que hoxe é presidente da Real Academia, D. Xesús Alonso Montero. Toda esta bagaxe de nosos non só a experiencia da relación co movemento asociativo de Outes, as institucións e a busca de recursos de todo tipo, fundamentalmente económicos, pero sobre todo, porque son máis importantes, os humanos, senón tamén os ánimos necesarios para afrontar o magno acontecemento que é un Encontro de Embarcación Tradicionais que move centos de embarcacións de toda Galicia e fóra dela e milleiros de tripulantes e visitantes. O éxito, que consideramos sobradamente conseguido polo gran número de entidades comprometidas, que darán lustre coa súa presenza e voluntarioso e ledo traballo a unhas xornadas que serán

memorables na Historia de Outes e tamén pola moita rentabilidade económica para diversos sectores produtivos que de todo o programa se deriva, significará un motivo de orgullo para a nosa Asociación e, sen dúbida, un estímulo para emprender calquera labor para o engrandecemento de Outes, por arduo que poida parecer. A participar nel, animamos a todos e todas as outenses, pois sen o esforzo colectivo non hai progreso social e este necesítase moito nos tempos que corren.

ÍNDICE

As nosas novas	páxs. 2 e 3
Historia	páxs. 4 a 7
Entrevista	páxs. 8 e 9
Opinión	páx. 10
Saudegalizando	páx. 11
Miscelánea	páx. 12
Medioambiente	páx. 13
Páxinas literarias	páx. 14
Os papeis de Añón	páx. 15
Foto antiga	páx. 16

Director:

Xosé M. Vázquez

Consello de Redacción:

Domingo Campos, Xoán X. Mariño,
Manuel do Río, Lidia Vicente, Ramón Blanco

Edita:

A.C.C. Terra de Outes
terradeoutes@gmail.com

Maqueta e imprime:

Grafinoia, S.L.

Foto da portada:

Motonav e Delfina Barcia. Construído no estaleiro de Ferrín (O Freixo) en 1943

Revista Subvencionada por:



**CONCELLO
DE
OUTES**

Bar - Restaurant

albatros


Porto do Freixo - Outes

albatrosfreixo@gmail.com



XI Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galiza O Freixo-Outes

O Comité Organizador do XI Encontro de Embarcacións Tradicionais, do que Terra de Outes forma parte e que se vai celebrar no Freixo dende o 11 ata o 14 de Xullo, xa ten o programa definitivo. Deixamos aquí un resumo do mesmo: Para o día 6 de Xullo quedou fixada a data de presentación dos actos con exposicións, presentación de revista e recital de poesía e xa para os días propios do encontro as actividades centranse en distintas áreas: **NAVEGACIÓN**.- inclúe a cerimonia de inauguración, así como proas a Esteiro e Portosín **XORNADAS TÉCNICAS**.- Para a xornada do día 11 á mañá están programados relatorios para a análise e debate sobre a carpintería de ribeira tendo como ponentes entre outros a Jose Manuel Vázquez Lijo, Pedro García Vidal ou Tomas Rodriguez. **OBRADOIROS E MOSTRAS NA RIBEIRA**.- Ao longo do peirao do Freixo e en distintas carpas van estar os pavillóns de artesanía que van traballar e vender "in situ" os seus produtos. Haberá sancosmeiros, cestería e barro, artesanía da asociación A Creba, encaixe, coiro e vainica do centro social de Outes, e tamén unha librería mariñeira. **EXPOSICIÓNS NA RIBEIRA**.- No náutico do Freixo estarán instaladas as exposicións: "Outear, memoria de Outes", do IES Poeta Añón Pintura, de Alfonso Costa e de artistas locais que expoñen conxuntamente as súas mariñas nunha exposición que titulan "Mar do Freixo". Fotografía: Dúas exposicións. Baixo o nome de "O marisqueo na ría" veremos unha ampla mostra de fotos antigas do concello de Outes e máis en concreto do Freixo. "Embarcações Tradicionais do Norte", será a outra mostra fotográfica. "Os casulos das nasas" de Daniel Pazo Vila Radio-Afeccionados.- exposición de emisoras. **POESÍA NA RIBEIRA**.- Tamén no náutico haberá tres actos poéticos. Para o xoves día 6 será Eva Veiga quen fará un recital de poesía. Xa o venres día 12 o noso compañeiro de Terra de Outes, Ramón Blanco, presentará o libro de poemas "Emily on the road" e o sábado 13 co título de "Recital de poesía mariñeira" escoitaremos a Modesto Fraga, Xosé Iglesias e María José Fernández López. **ROTEIROS E VISITAS GUIADAS**.- Andainas e visitas polas carpinterías de ribeira, roteiros ao Tremuzo, a Broña e Muíños de Albán e paseos a cabalo e poni con Estivada ecuestre. **ENREDO OS INFANTÍS NA RIBEIRA**.- Para os máis pequenos e a carón do náutico: Xogos tradicionais e de pista, Ludoteca mariñeira, Faluchos, Piscina da Aixola e Paseos a Broña en Poni. **MÚSICA NA RIBEIRA**.- Un amplo programa musical que vai dende música de animación na rúa ata concertos de moita calidade e tamén variedade, encherán o Freixo neste encontro. Grupos como "Os tabernícolos do Leiradal", "Grupo de Metais Onde Brass", "Agrupación Folclórica Municipal de Outes", "Agrupación Tremuzo do Freixo", "Cantareiras Xente de San Ourense", gaiteiros "Os salgueiriños de Noia", "Coral Joaquín Vieta", agrupacións "Lumieira" e



"Arume" de Boiro e a banda municipal de Outes, serán os que van animar o peirao musicalmente. Xa para concertos nocturnos programouse para o xoves 11 a orquesta Palladium, coincidindo coa festa de San Benito do Freixo. O venres 12 actúan a partir das 23,00h "The Wayfares", "Terbutalina" e "Sés". O sábado 13, tamén ás 23:00h "Sondeseu" e "Os Cempés". O domingo 14 un concerto de tres corais do concello: "O Peirao do Freixo", "Xuvenil Solpor do Freixo" e "Francisco Añón" do Centro Social de Outes. **HOMENAXE E CONMEMORACIÓN**.- Para pechar os encontros programouse unha máis que merecida homenaxe aos carpinteiros de ribeira así como a conmemoración dos 20 anos de Encontros.

Letras Galegas 2013

O 17 de maio celebrouse en toda Galicia o Día das Letras Galegas. Como nesta ocasión se cumpría o 150 aniversario da publicación do libro *Cantares Gallegos*, a nosa Asociación decidiu rememorar tal efeméride, por varios motivos: en primeiro lugar porque o dramaturgo Vidal Bolaño, a quen se adicou este ano, xa era obxecto de diferentes homenaxes en Outes, tanto por parte dos centros de ensino, como do Concello; en segundo termo porque nos pareceu importante celebrar o aniversario de *Cantares*, por canto se trata da pedra fundacional da literatura galega, tal como recoñeceu a propia Real Academia, ao inaugurar a conmemoración das Letras Galegas, precisamente no centenario do libro de Rosalía de Castro; e, en terceiro lugar, por tratarse esta obra do primeiro



froito vizo da semente plantada polo noso poeta Francisco Añón. Para celebrar, polo tanto, tal data, a nosa asociación publicou a súa revista *Terra de Outes* nº 22 cun suplemento adicado a Rosalía de Castro; a continuación, o 11 de maio organizou un acto no que estivo presente D. **Francisco Rodríguez**, o máis importante estudoso rosaliano, para falar da transcendencia da obra de Rosalía para a nosa lingua e a conformación da identidade galega; por último, o 16 de maio, na Casa da Cultura da Serra, coa participación de **Montserrat Pernas**, profesora de fotografía no IES *Virxe do Mar* de Noia, inaugurouse unha exposición co título de **Cantargrafías**, de fotos realizadas polo alumnado de Ciclo Foto de dito instituto, inspiradas nos poemas de Rosalía.

A depuración dos mestres de Outes (V): Francisco Zubeldía, mestre de Braño (Freixo)

Xoán Francisco García Suárez

Na anterior entrega relatabamos o proceso do mestre do Freixo Ángel Bandín. Nesta ocasión trataremos o expediente de depuración doutro mestre tamén do Freixo, neste caso da escola de Braño. Trátase de Francisco Zubeldía Olivé, natural de Santiago. Este expediente (onº 5.146) é extensísimo, pois consta de 51 documentos e case setenta páxinas, que tentaremos resumir. Cronoloxicamente, o primeiro documento data do 16 de agosto de 1936, aínda non pasado un mes do levantamento militar, e trátase dunha carta do pai do mestre, Ricardo Zubeldía, dirixida ao delegado militar de

Educación e Instrucción Pública de A Coruña e na cal lle fai constar que foi suspendido da profesión durante seis meses ese mesmo mes de agosto e que non entende “tan severa sanción”, dado que non lle consta que o seu fillo pertencera a ningunha organización política e que a súa conduta foi exemplar. O 26 de setembro o mestre remite unha carta ao reitor da Universidade na que lle expón a súa situación e incluso lle comenta entre outras cousas que o día 31 de agosto foi requerido polo alcalde de Outes para levar o Cristo ata a igrexa, acto que cumpriu lóxicamente preso do terror. O reitor procura informarse da actividade política de Zubeldía e recibe da Delegación Militar un oficio no que lle sinalan que o mestre é de filiación política de esquerdas, negligente na actividade docente e activo extremista e propagandista do Frente Popular. Os informes solicitados pola Comisión Provincial Depuradora son contestados, en primeiro lugar polo cura, quen sinala que “los alumnos salían a veces entonando estrofas anticlericales”, organizou un mitín con Emilio González e Suárez Picallo, e propagaba ideas esquerdistas. O “pai de familia” José Riveiro Gerpe (o mesmo individuo que informou contra Ángel Bandín) maniféstase por escrito en termos semellantes (xaneiro de 1937). O alcalde Tuñas Pazacúsao de simpatizante e propagandista do Frente Popular. Como non, o garda Morgado tamén escribe que pertence a Izquierda Republicana, aínda que o califica de “persoa moderada”. En data de 25 de febreiro de 1937, A “Junta Técnica” da Comisión de Depuración emite Prego de cargos: ...“enseñaba

en la escuela cánticos anticlericales y antipatrióticos, concurrente de una taberna del pueblo donde hacia propaganda izquierdista compartida con el dueño del establecimiento, asistía a mítines y participaba como orador, era jefe local izquierdista...”. O 5 de marzo o mestre presenta os descargos e o 31 recibe a ratificación da suspensión provisional. O día 4 uns coarenta veciños de Sabardes remiten escrito asinado á Comisión Depuradora en favor do mestre (como fixeran con Bandín). Pero é inútil. En agosto de 1937 a Comisión acorda por unanimidade propoñer

que se confirme a destitución do mestre. Nin os apoios escritos dos veciños, nin o do teólogo Bernardino Lago, nin o do alcalde de Gondomar (onde xa exercera anteriormente) fixeron cambiar de opinión ás autoridades franquistas. Xa en agosto de 1938 Francisco Zubeldía escribe unha carta ao ministro de Educación pedindo se archive a condena. O mesmo fan uns días despois uns trinta veciños de Sabardes dirixíndose ao alcalde de Outes. Incluso o alcalde de Santiago informa a favor do mestre. O 22 de febreiro de 1940 a Comisión Superior de Depuración acorda propoñer a “separación definitiva y baja en el escalafón respectivo”, decisión publicada mediante anuncio no Boletín Oficial do Estado de data de 11 de maio. En xuño dese ano de 1940 o mestre pide ao ministro e á Comisión que se revise a decisión desta. E os apoios ao mestre continúan cun escrito asinado por uns 75 veciños de O Freixo. En setembro de 1941 o alcalde de Outes, José



Vidal Rúa certifica a “solvenza e moralidade” das persoas que asinan a favor de Francisco Zubeldía. Finalmente, o “Juzgado Superior de Revisiones” ratifica a condena ao mestre de Sabardes coa separación definitiva do servizo (12/05/1942). Xa en 1948 o condenado volve solicitar a revisión do seu expediente e o Ministerio acorda propoñer que se condene a “traslado fuera de la provincia”. Así foi finalmente, pero xa o réxime conseguira o seu fin: castigar a un mestre sen cobrar unha peseta desde 1936, e sometelo a un auténtico esperpento de proceso sancionador durante 12 anos, humillando a unha persoa só polo feito de pensar diferente.

A ostra do Freixo

Xoán Mariño

A ostra natural que se extrae na nosa ría denomínase correntemente *ostra de Noia*, porque, en efecto, toda ela se comercializa na lonxa noíesa, aínda que medra a ambas marxes da canle que polo medio da ría forman as augas doces do Tambre, a maior parte no treito de Broña, Portosiavo e Rinles, no Freixo. A ostra é un molusco moi prezado xa desde a Antigüidade. Uns séculos antes da nosa era xa os castrexos a aproveitaban, non só como alimento, senón tamén como morteiro nas súas construcións. **No Freixo aparece en grandes cantidades xunto cos restos doutros bivalvos nun cuncheiro ao pé do castro existente no lugar de Mosteiro. Para os romanos, que deixaron algunhas pegadas da súa presenza nas nosas terras (Ara de Banzas e Estela de Cando, entre outras), tiña un alto valor comercial:** Estrabón, na súa *Xeografía*; Plinio, na súa *Historia Natural* e Marcial, nos seus epigramas, dan conta da calidade das ostras que se dan na costa galaica e o seu tamaño nada común. Na Idade Media a súa extracción continuou sendo unha actividade importante para os sectores da poboación menos favorecidos da beiramar, que a consumían, xunto con outros mariscos para completar a súa dieta alimenticia, escasa en proteínas, pero tamén para os máis poderosos, tanto comerciantes, como eclesiásticos, como incluso a nobreza. O valor comercial deste molusco aparece repetidamente nos distintos Foros, cartas-puebla e ordenanzas. Así, nos Foros de Noia, do s. XV, que recolle usos máis antigos, dise: *"Item ha de aver el mayordomo la meytad del diesmo de los ostreiros que matan las ostras que se dan por san juan"* (Xepe Torres, Rosa Martínez, Rosa Penas. *Síntese histórica do marisqueo en Galicia*, 1998) e por outros documento sabemos tamén os lugares dentro da ría onde se practicaba a súa captura. **A importancia comercial das ostras non se limitaba á súa venda nas vilas galegas, senón que se exportaba escabechada a toda Castela e á propia Casa Real, segundo dá testemuño o Licenciado Molina, no século seguinte.** O cal provocaba que houbera que ditar ordes que garantían a venda nos portos galegos dunha parte da produción e regular o seu prezo, que resultaba excesivo para os lugareños. A igrexa tamén se interesou por ela; os monxes beneditinos construíron, xa no s. XII, un mosteiro no Freixo, a cuxa consagración acudiu o propio arcebispo Xelmírez, e que máis tarde pasou a depender de S. Mariño Pinarío, o máis importante cenobio galego, para asegurarse o surtido de peixe e marisco nas épocas de coresma, nas que non se podía consumir carne. Os nobres, pola súa parte, tamén a apreciaban enormemente, polo que en diversas ocasións entraron en disputa coa Igrexa de Santiago pola posesión de viveiros en todas as Rías

Baixas. Finalmente, nesa mesma época e mais nos séculos seguintes, as cunchas de ostra seguíronse utilizando polos canteiros para asentar as pedras tanto na Catedral de Santiago, como na igrexa de Sta. María a Nova de Noia, así como en todo tipo de construcións (casas, hórreos, pombais...). Na actualidade, da nosa ría seguen saíndo as maiores cantidades deste produto. Segundo información de *La Voz de Galicia* (21 de abril), no 2011 vendéronse na lonxa de Noia 8.662 kg. de ostra plana, 3.000 máis ca todas as outras lonxas de Galicia xuntas. Polo que é de crer a historia que contaba Avilés de Taramancos, que aseguraba que as ostras que lle serviron en Arcade, sé da famosa festa ostrícola, eran do Freixo. Tamén é certo que moitos anos atrás era alí onde os produtores a embarcaban no tren que levaba toda a ostra galega a Madrid. Mais hoxendía a maior parte da ostra que se vende en Galicia é foránea, procedente de Inglaterra e Francia sobre todo, e



cultivada en bateas ata que adquiren tamaño comercial e, fundamentalmente, ese sabor exquisito que lle proporcionan as augas das nosas rías. E isto é así porque a ostra natural que se extrae aquí apenas chega, polos seus tres meses escasos que dura na nosa ría a campaña de explotación, para abastecer a gran demanda. Agardemos que os plans en marcha para recuperar os bancos naturais, case desaparecidos en Galicia pola mortandade que provocaron os parasitos asociados á ostra importada, dean os seus froitos para que a ostra do Freixo non só recupere a súa importancia histórica, senón que sexa un marisco destinado á exportación, como o é o mexillón, con toda a riqueza económica que xera.



Coordenadas GPS
N 42°47'36'' - W 8°56'45''

Tlf. 981 785 189

Paseo de Riberia, 70
15288 O Freixo
A Coruña

Alcaldada

Mingucho Campos

A Antonio Mayo, en agradecemento por terme procurado a información.

Mañá sombriza, de vendaval, con fortes refachos e chuvascadas, aquela do 26 de setembro de 1916. O verán, rendido ante o agromar altivo dun outono ábrego e fachendoso da súa lei. Ás 9 h. e 30 min. presentouse perante o mestre, D. Miguel Romero Cernadas, en Brión de Arriba, unha patrulla da Garda Civil ao mando do cabo Carrascoso. Era tal a opinión que a nivel xeral había deste garda que tan só menta-lo seu nome producía arrepios en Outes e en todo o ámbito da competencia do "posto do corpo". Condición inherente a todo exercicio de mandar in carente de cultura e investido tan só da autoridade que dá un xeito de vestir verde uniforme con tricornio e trabuco ao lombo; para entendérmonos, de "mandón-mandado" e prepotente. E de todo o que esta condición de verdeoso uniforme con arma conlevaba naqueles tempos. Inquiría Carrascoso o paradeiro dun fillo do mestre. Mais, ao interesarse D. Miguel por cal dos dous que tiña preguntaba, este respondeu que lle daba tanto un coma o outro. Compareceu o máis novo, José María Romero Martínez, e conxuntamente con Domingo Casais García van ser conducidos á Serra, non sen denantes seren ámbolos dous sometidos na mesma escola rexentada polo pai do primeiro a un rutineiro interrogatorio sobre o corte do tecido eléctrico instalado pola empresa "Electra del Jallas"; simple formulismo agochador das verdadeiras intencións: unha **alcaldada**. Outro dos buscados era Ramón Cernadas Lestón, que estaba en Brión de Abaixo traballando na perforación dun pozo artesiano nunha propiedade do seu irmán, Juan. Pescudando no porqué daquela desmedida actuación atópome conque por aquelas datas a empresa hidroeléctrica "Electra del Jallas" chantara postes para o soporte dun tecido eléctrico en dirección a Noia sen a previa autorización dos propietarios dos predios afectados nin indemnización ningunha aos mesmos; mais, iso si, ao abeiro do consentimento do alcalde, Manuel Fuentes Roel, alcumado "o Ruelo", como se este fose o posuídor-propietario das terras. Lembro dende a nenez unha manida frase súa, que vou reproducir con tódolos respectos para os muradáns: "Se o mundo ten cu, o cu do mundo é Muros". Unha verdadeira cacicada a do "Ruelo", unha falcatruada; mellor dito e cunha definición máis acaída: unha **alcaldada**. Perante tamaño atropelo e consonte co acusado sentido da propiedade dos veciños apareceron cortados algúns destes postes situados na agra de Róo, "Bouzoas" e no "Tallo do Bao", propiedade de Manuela Castro, en



Brión de Arriba. Eis o móbil da "mandada" actuación da Garda Civil. Sigo co relato dos feitos. Camiñaron reféns e gardas cara Brión de Abaixo á procura de Ramón. Cando esta detención aconteceu, José María tiña 28 anos; Domingo, 20 e Ramón 26. Aproximadamente ás 10 h. e 45 min. saíu a comitiva de Brión de Abaixo en dirección á Serra. Chegaron as 11 h ao Xulgado municipal, presentando Carrascoso aos detidos perante o xuíz Etchavers, popularmente coñecido polo alcuño "Mula de Moreira", pola súa semellanza (usaba grandes lentes) cunha mula provista dos correspondentes arreos. A sapiencia popular non ten límites e a "Universidade da Vida" tampouco. Despois de permaneceren alí un tempo incomunicados saíu dunha das dependencias o "Toxeira de Vistalegre", do que recabaron unha mínima información sobre o que se estaba a "cociñar" nos despachos, respondéndolles este que o ían ser levados a Muros. Ao pouco apareceu Carrascoso comunicándolle-la orde de camiñar cara aquela vila. A confabulación ou convivencia entre un alcalde autócrata, un xuíz subordinado e uns gardas guiados móstrase nidia. José María Romero (posiblemente por ser o de máis idade) encárouse co cabo reclamándolle autorización para avisar ás súas respectivas familias, xantar e procurar algo de diñeiro ao non dispór nin tan sequera dunha "perrachica" nos petos, co compromiso de esperar á patrulla no Cruceiro de Róo á maior brevidade posible. Despois de ter consultado co xuíz, Carrascoso informáalles da

autorización para poderen tomar un refrixerio nunha taberna da localidade denantes de emprende-lo camiño a Muros. Os tres presuntos reos foron conducidos á taberna rexentada por Dolores Cernadas Caamaño coa axuda da súa filla, Amalia (a finada señora, "Amalia do Viro"). A nova da detención dos tres xoves espallárase entre unha veciñanza atónita, consternada, indignada... e sabedora

As Brisas do Freixo
Hotel - Restaurante

porto do freixo, 63 | 15288 freixo, outes - a coruña
tel.: 981 765 744 / 981 843 583 | fax: 981 843 584
info@hotelasbrisasdofreixo.com | www.hotelasbrisasdofreixo.com





das verdadeiras intencións do cacique, Manuel Fuentes Roel. Durante o xantar, entrou no establecemento o veciño de Lagoa, Rosendo Freire Cernadas, quen, informado da situación dos detidos e coñecedor dos móbiles que a provocaran, ofertoulles a estes cartos para aboa-lo xantar e, asemade, para facer fronte aos gastos que se lles puideran ocasionar. Agradecendo a deferencia daquel veciño solidario, rexeitaron a súa dádiva. Non así a da señora Dolores (quizabes pola súa condición de parentesco cun dos detidos) quen, amais de proporcionarlle-la comida de xeito gratuíto, entregoulles unha cantidade de diñeiro para as súas posibles necesidades. Debo salientar tamén que a señora Dolores condonoulle-la débeda do xantar a Carrascoso e ao seu acompañante, ao consideralos uns “mandaríns-mandados”: dous bistés con patacas e un carto de litro de viño tinto por cada un. Este comportamento é merecente, cando menos, deste epíteto: xeneroso. Xenerosidade a da xente do común fronte aos trampóns de máis poder. Certo é que ámbalas dúas mulleres sentían fonda pena por tamaña tropelía, sentimento intenso e extremado, causa de tristura e aflición. Compañón e mágoa manifestada polas abondosas bágoas derramadas cando tiveron que despedi-los apesados. Amainara o vento e aquela mañá desaprachable tornouse nun mediodía soleado. De chuvascos, si; mais tamén de sol quenturento, acorante entremedias. Arrepoñíase inda un verán nos seus últimos estertores. Nunha escampada, por orde de Carrascoso, comezaron os tres detidos, xunto coas escoltas encargadas de custodialos situadas á dereita e á esquerda, o percorrido a pé até a ribeira do Freixo. As beiravías ateigadas de persoas solidarias e consternadas, tamén de curiosas; en todo caso, sabedoras dos feitos motivados por unha decisión arbitraria, caprichosa: a “alcaldada”. A mirada humilde dos tres, cravada no chan, contrastaba coa petulante da custodia. No percorrido, concretamente subindo a costa do Cruceiro e fronte á casa da Villegas, o veciño de Viro, Miguel Rodríguez Caamaño, faílle entrega espontánea a José María dunha moeda de prata. Os tempos eran duros, de dispendios imposibles, mais tamén impredecibles as consecuencias da detención. Ao chegar ao Cruceiro José María entrou na casa de Manuel Vilas pedíndolle cartos, pedimento ao que accedeu Manuel. Chegaron todos á ribeira do Freixo,

denantes da hora prevista para a saída do “Carreto” cara Muros. Deica alí achéganse don Miguel Romero Cernadas, Miguel Cernadas Romero, Domingo Tubío Cernadas, Francisco Domínguez Romy, Constantino García Vara, Vicente Villariño García e Ignacio Domínguez Domínguez. Un encontro conmovedor nas ribeiras do Freixo, unha compañía solidaria, amigable e familiar para os que se queren e se aprecian de verdade! Ás 15 h. e 15 min. albíscase o “Carreto”, procedente de Noia. Van ser transportados todos nunha buxeta, porque inda non había peirao no Freixo, e xa a bordo do “Carreto” este embocou o rumbo a Muros. O mar con marusía provocou na foz da Bornalla máis dun trousseamento entre os pasaxeiros. Sen máis incidentes, ás 16 h. e 45 min. entrou de arribada a embarcación en Muros e os tres detidos van ser conducidos por unhas calexas estreitas, fedorentas e ateigadas de lixo á casa do secretario do Xulgado. E de alí ao cárcere. Pero, o que é o azar da vida en estado puro! **Espallárase por Muros o asasinato dun pai polos seus propios fillos en Esteiro. A consideración para os detidos por parte dos multiplicados curiosos presentes nas beirarrúas vai ser xustamente esa: a de parricidas. Comparecian, na consideración popular muradá, os tres detidos perante a Xustiza como tres delinquentes perigosos, tres asasinos, nada menos que do proxenitor! Que doado é facer xuízos e aseveracións sobre o comportamento social dos máis! Estaba ubicado o cárcere á beira do mar, onde despois se construíu a lonxa do peixe.** Imóbel antigo, tan só dun andar e composto pola dependencia para uso do carceleiro, a destinada á hixiene e a reservada aos presidiarios. O carceleiro, home parco en palabras, de face severa, seco nas formas e cincuentón obrigounos a deixar tódalas pretenzas fóra da cela. Da casa de Petra van chegarlles ao anoitecer dúas empanadas de trigo con ollomol. D. Miguel Romero, Ángel Cernadas e Lorenzo Vara, parente de Domingo Tubío, que chegara a Muros montando o cabalo do crego, “Pejancho”, fixeran as pertinentes xestións a prol dos detidos e na procura de dar rematado á maior brevidade o arresto. E ás 10 h. da seguinte mañá (27 de setembro) serían conducidos os tres recluídos perante o xuíz. Tería este arredor duns 30 anos, era de boa presenza e aspecto afaible. Fíxolles aos tres as mesmas preguntas:—¿Cortaron Uds. los postes del tendido eléctrico en la agra de Bouzoas de S. Juan de Río?—“Non, señor”—respostaron eles.—¿Ni de día ni de noche cortaron dichos postes?—“Non, señor”—respondieron. Logo de asinalas declaracións, o xuíz decreta a súa liberdade sen cargo algún, podendo disfrutaren estes da festa de S. Cosme que se celebraba aquel mesmo día e da romaría de S. Campio, que comezaba ao día seguinte. **Aalcaldada** do “Ruelo” ficaba desautorizada e invalidada. Os familiares e veciños solidarios, felices. Os mozos, como non podía ser menos, a troular nas festas na compañía das súas garridas parellas! Rematara o pesadelo da humillación, e asemade, agromaba unha lección para futuros alcaldes. Lección que na maioría dos casos non foi aproveitada polos rexedores posteriores. Hai que dicilo todo e alto.



Restaurante
Ríos O Freixo

Muelle do Freixo
15288 O FREIXO - OUTES
(A Coruña)
Tlf. 981 765 120
riosfreixo@gmail.com

Política



Como se produciu o teu ingreso no Partido Comunista?

No ano 1973, facendo o COU no instituto Arcebispo Xelmírez en Santiago, coincidín co responsable das Xuventudes Comunistas do P.C.E., Víctor Rodríguez Gestó, colaborei con esta organización nos actos de protesta estudantil contra a Ditadura, ingresei nesta organización un par de anos máis tarde se mal non recordo, e fun Responsable de Organización de CC.OO en Noia aproximadamente un ano despois.

Como era o mundo laboral cando ingresaches en CC.OO?

Para que te fagas unha idea: Un ou dous anos antes de que a organización abriera o local en Noia, os mineiros de San Fins péchanse na mina con dinamita; non teñen convenio, e algúns dos traballadores de dentro da mina, o traballo máis duro, cobran por debaixo do salario mínimo; acode a Garda Civil, pero os mineiros ben organizados néganse a saír e ameazan con facer explotar a dinamita. CC.OO consegue negociar coa empresa o primeiro convenio. Tanto na construción como no sector da madeira (aserradoiros), as condicións laborais son de precariedade, en moitos casos con traballadores/as sen asegurar.

Que papel desempeñaches en CC.OO?

O labor do sindicato centrábase en que o empresariado aceptase o novo marco de relacións laborais propio dun sistema democrático e concretado no Estatuto dos Traballadores. Tiñamos que conseguir que houboese eleccións sindicais, que os traballadores elixisen o seu comité de empresa, que se implicasen na negociación dos convenios sectoriais e territoriais, que esixiran o seu cumprimento... Non era doado, nunha pequena empresa da construción á que fun facer as eleccións sindicais o empresario colleu unha táboa da obra e correu cara a min ameazándome con ela; aínda que era máis teatro que intención de agredirme non o pasei moi ben, ao final entendeu que a lei o obrigaba a facilitar a celebración de elección do Comité de Empresa.

Como ves a situación laboral na actualidade?

Os traballadores que aínda conservan o traballo sofren unha case total indefensión legal, a desregulación do mercado de traballo, que na

actualidade acadou a súa máxima expresión, coa Reforma Laboral do Partido Popular que non foi máis que o cumio dunha tendencia de anos incluso anteriores á crise económica, na que coa última reforma do goberno de Zapatero xa parecía que non se podía chegar máis lonxe sen regresar ao século XIX. As razóns eran estas: o abaratamento da masa salarial e os despedimentos, tanto os xustificados por causas económicas "obxectivas", como os improcedentes case a custo cero, sen contar coa inxente masa de traballadores/as eventuais, e a deslocalización libre das empresas, ían animar a inversión, chegaría o crédito ás empresas... etc., mais o fracaso estaba cantado pola caída do consumo que ata o máis parvo sabía que isto ía producir. O medo a perder o traballo e a evidencia das dificultades que teñen as pequenas e medianas empresas, tanto pola falta de financiamento como pola escaseza de demanda, atentan a capacidade de resposta dos asalariados fronte ao deterioro das súas condicións laborais. Na actualidade ponse en dúbida ata o dereito á negociación colectiva, a patronal non se sente na obriga de renegociar os Convenios nos prazos que a lei establece, incúmrese un mandato constitucional do seu Título I que establece os dereitos e deberes fundamentais, ¡que fácil é saltar os preceptos constitucionais, sen nin sequera reformar a constitución cando falan de dereitos dos asalariados! En definitiva o marco de relacións laborais actual deixa na máis absoluta indefensión a unha das partes e ten un efecto sobre a parte máis débil para o que só se me ocorre o cualificativo de terrorismo social destinado a provocar incapacidade de resposta.

Entrevista a Xesús Mato

Xesús Mato Vilas (Cruceiro de Roo, 1956) naceu na casa dos seus avós maternos, antigo estanco do Cruceiro, coñecida nese tempo como Casa de Vilas, que amais de tabaquería era tenda de comestibles. Recordamos que se vendían bacallau salgado, viño, fariña, pemento, aceite a granel, azucre e lambetadas para os cativos da escola Emilio Navasqués, e tamén tecidos. Véñenlle á mente as medidas daqueles tempos: cuartillos e medios cuartillos para o viño e o aceite, libras e medias libras para a fariña e o azucre, varas e cuartas para as teas. Pero á parte de tenda a casa tamén era de labranza: dúas vacas, a Nova e a Xovenca, becerro ao que nunca lle puñan nome, can que sempre o tiña, un ou dous porcos, galiñas, algún ano pavo, hórreo... "Non se me ocorre un sitio mellor para pasar a infancia que esta casa e o seu entorno á miña enteira disposición. Á beira da casa, na escola de Navasqués, aprendéronme a ler, escribir, as catro regras o *caralsol* e a Salve. Cre lembrar que tiña oito anos cando foi para Noia, onde os seus pais tiñan a cafetería *Santiago*. Alí fixo o exame de ingreso ao **Bacharelato**, na modalidade de Ensino Libre que preparou na Academia Atenea, na que D. Ramón Villaderde, excelente profesor de matemáticas, espertou nel a vocación que ía marcar a súa vida profesional.



Raquel coa a súa nai Deo

Efectivamente, aos 25 anos ingresou na Facultade de Matemáticas da Universidade de Santiago pola modalidade de Acceso para maiores de 25 anos e despois de licenciarse comezou a traballar como profesor de matemáticas de Ensino Secundario, primeiro na Academia Balmes de Noia, e logo nos Institutos de Pontevedra, Moaña, Viveiro, Ortigueira, Cee, ata acadar destino definitivo no IES *Fontexería* de Muros onde leva xa uns 15 anos. Na actualidade ten a súa casa en Outes, nas inmediacións do Lugar de Roo de Arriba, onde cultiva (nunca mellor dito) o seu pasatempo preferido: o traballo na horta. Logo de participar activamente na Plataforma Nunca Máis de Outes, a raíz do afundimento do Prestige, no 2003, e logo na da Plataforma contra o viaduto de Outes, que intentou por todos os medios salvar un lugar tan ecoloxicamente importante como é a enseada de Langaño e a desembocadura do Tambre, contribuíu á

fundación da Asociación Terra de Outes, da que é tesoureiro. Como membro da directiva desta Asociación é o seu representante no Comité Organizador dos XI Encontros de Embarcacións Tradicionais de Galicia, pero sobre todo é o artífice que os fixo posible.

Que son os Encontros?

Cada dous anos, a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, que é unha federación de asociacións de toda Galicia, cuxa finalidade é a conservación e recuperación das nosas embarcacións, tanto as de mar como as de navegación por río, celebra nalgún porto galego unha concentración destes barcos. Case sempre acoden tamén doutros puntos da península, cataláns, vascos, portugueses..., en calidade de invitados. Amais da navegación nas inmediacións do porto escollido, achéganse unha morea de actividades culturais e de lecer: música, exposicións, obradoiros..., que realzan o evento e o converten nunha gran festa de goce da nosa cultura.

Por que se celebran en Outes?

O sitio escólleo a Federación entre as candidaturas presentadas, neste caso a presentada por Terra de Outes resultou aceptada, no meu parecer, non só polo contido do noso proxecto, senón que penso que influíu, aínda que estea mal que eu o diga, o prestixio da nosa asociación nas asociacións da contorna da FGCMF: Mar de Muros, Canle de Lira...

Que repercusións terá o Encontro en Outes?

De xeito particular, a celebración do *Encontro* no Concello de Outes contribuirá a promocionar e desenvolver, en primeiro lugar, o turismo de interese polo gozo da natureza e do patrimonio cultural. O esteiro do Tambre-Tins (incluído na Rede Natura 2000) e a súa proximidade a Santiago de Compostela son dous elementos de gran potencialidade ao que este *Encontro* engadirá a súa capacidade demostrada de atracción de visitantes tanto nacionais como doutros países europeos. Por outra parte, os que teñen esta afección mariñeira, coñecerán de preto os nosos estaleiros, o que favorecerá a demanda para o sector. Non menos importante é o recoñecemento da calidade dos vivalvos da nosa ría, que xa teñen hoxe en día, pero verase incrementada pola degustación ao pé do sitio onde se produce. Por último, a industria cultural propia e a nosa artesanía daranse a coñecer a un público ao que de outro xeito sería moi difícil achegarse.



Ensino

Como se ve o Ensino desde dentro?

Como teño 57 anos, se comparo as condicións do ensino en xeral e do ensino público en particular da miña época de estudante co que existe na actualidade non hai ningunha dúbida de que o ensino público actual está a anos luz do que tiñamos a xente da miña xeración. En primeiro lugar a universalidade: hoxe calquera mozo/a pode acceder aos estudos de grao medio (ESO e Bacharelato); en segundo lugar: a calidade do profesorado en canto a coñecementos específicos que imparte é moi superior pola titulación que se esixe para impartir docencia, aínda que a preparación didáctica non é boa, non era desde logo mellor cando eu estudaba. Persoalmente, a miña impresión xeral, en todos os Centros onde traballei é que a implicación do profesorado na súa labor de docencia excede do estrito cumprimento do seu deber, e aínda que teño que recoñecer que hai moi contadas excepcións a esta regra xeral, supoño que como en calquera oficio. Aínda que con bastante escaseza de medios aténdese ás distintas especificidades dos alumno/as (adaptacións curriculares, agrupamentos específicos en grupos reducidos, diversificacións curriculares, etc.).

E non ves problemas no sistema educativo actual?

Claro que si: o primeiro é o continuo cambio dos plans de estudos e na organización dos centros. Se exceptuamos a LOXSE, que foi unha lei imprescindible para adecuar o sistema educativo ao cambio social que trouxo dotarnos dun sistema democrático, os posteriores cambios, de maneira máis relevante os últimos, non melloraron o sistema. Aínda non se acababa de desenvolver unha lei ou norma e xa aparecía outra que a derogaba. E a iso temos que engadir os recortes xeralizados: Menos orzamento para alumnos, recorte de salarios, supresión de paga extra aos profesores ou a escandalosa taxa de reposición: por cada dez xubilacións só repoñen un profesor.

E que nos dis do uso do galego nas Matemáticas?

Un decreto do actual goberno da Xunta de Galicia, establece que na ESO é obrigatorio impartir en castelán as materias de Matemáticas, Física e Tecnoloxía (quen escolleu estas materias e o criterio que empregou segue a ser un misterio). Unha grande parte do profesorado implicado por esta norma negámonos a cumprila, e cremos que nos ampara tanto a Constitución como o Estatuto de Autonomía e a Lei de Normalización Lingüística, por certo aprobada cando Fraga era presidente da Comunidade.

Por último, que opinión tes da Lei Wert?

O pouco que coñezo desta lei retrotraeme no tempo: A relixión volve contar na nota media do alumnado como se fose algún tipo de coñecemento equiparable ás outras materias, por certo en que idioma se poderá dar, latín, castelán, galego?, no que mande o Bispo? Pero o peor desde o meu punto de vista é o establecemento de dúas reválidas externas ao centro no que estuda o alumno/a (calquera tempo pasado foi mellor). É unha maneira de desautorizar ao profesorado dos Centros ao impediren que sexan estes os que decidan quen obtén as titulacións. Logo está a supresión de competencias ao Consello Escolar, un recorte, polo tanto, tamén en democracia.



Vontade


Debido a motivos máis que evidentes (baste unha ollada á portada), este número vai ser un monográfico sobre os "Encontros", polo cal decidimos levantar un pouco o pedal crítico das accións, institucións, persoeiros/as... e intentar louvar as inxedanzas "conmutativas" dos organismos que dalgún modo aglutinan esforzos para que dunha vez por todas saiamos deste letargo emocional-social-económico permanente no que nos vemos inmersos sen xeito nin dereito, pero que á vez debe facernos conscientes da oportunidade que nos brinda este tipo de evento tan "global" e tan local, no marco no que nos movemos, e poñer un referente positivo máis no mapa da comarca. Aínda que o orzamento económico recaia en varios estamentos, sexan Concello, Deputación, Xunta, etc., non deberíamos esquecer a ratio "hostaleiros", pois eles van ser os máximos beneficiarios na repercusión económica deses días, e terían que involucrase máis a fondo por esa mesma cuestión de rendibilidade a curto prazo. Oxalá sexa unha realidade no tempo que esta publicación vexa a luz. Non sería de lei ignorar as diferentes xestións que se deberon levar a cabo durante os meses anteriores, intentar poñer a todos de acordo, a busca da financiación, os distintos servizos que ofrecer aos visitantes, tantas pequenas cousas importantes que farán que todo este "evento" teña sentido, e non caer na frivolidade de que pasa todos os días. Non deberíamos deixar pasar esta oportunidade para mostrarnos un pouco máis ao mundo, pois as redes sociais están aí e ben aproveitadas dannos unha ventá ao exterior inmillorable. Aínda que son só catro días coas catro noites, leva implícito un traballo desinteresado por parte da organización inmenso, dado que todos queremos que saia perfecto... e por intentalo non ha de quedar. Entendemos e admiramos tanto esforzo gratuíto, e dende estas liñas o noso máis fiel agradecemento ás distintas asociacións, concellos limítrofes, persoal privado, voluntariado e persoal da organizacións que fai posible, sen lugar a dúbidas, a base de tesón e dedicación, que todo saia como unha manobra máis propia da OTAN, e sempre alerta co brazo axudando porque é así como se fan as cousas que acaban ben... Parabéns, compañeiros. Unha aperta forte.

Lusco e Fusco

NOTA

Se algún lector ou lectora desexa colaborar coa nosa revista pode mandar o seu escrito, que non debe exceder os 2.000 caracteres (espazos incluídos), con indicación de nome, apelidos, DNI, enderezo e tño., ao noso enderezo electrónico:

terradeoutes@gmail.com



**O TABOLEIRO
MARISCOS**
Tapas e racións

Ribeira do Freixo
657253623 • 981765459

Café- Bar
O VARADERO



TAPAS DO DIA

Riveira do Freixo
(carretera da Igrexa) OUTES
Tel. 981 76 57 72

Enfermidades das mariscadoras

Dr. José María Dios Diz



Con motivo da celebración das **Xornadas de Embarcacións Tradicionais en Outes**, quero facer un artigo que reflicta as enfermidades máis prevalentes nas mulleres que se dedican a un oficio tremendamente duro e complexo, como é o de recolectar-criar ameixa, berberecho, etc. nas praias galegas, e en concreto na ría de Muros-Noia. O noso corpo ten **206 ósos**, (os bebés 300). Veremos que as mulleres padecen unha serie de enfermidades que trataremos de explicar brevemente. Falamos de **Sobrecarga Ocupacional**, cando a tarefa laboral pode afectar ao desenvolvemento da enfermidade, debido ao uso repetitivo e á sobrecarga mecánica, á cal son sometidas certas articulacións.

Artrose: enfermidade crónica e dexenerativa das articulacións, que se caracteriza pola inflamación e a deformación. A artrose é unha patoloxía reumática que lesiona o cartilago articular. Os extremos óseos únense para formar a articulación e están recubertos polo cartilago articular. Cando este se lesiona (desgasta), prodúcese dor, rixidez e incapacidade funcional. Esta enfermidade reumática non é hereditaria. O desgastado, non se pode recuperar. **Artrite:** inflamación das articulacións óseas. O termo "Artrite" inclúe todas aquelas enfermidades reumáticas, nas que o proceso desencadea inflamación das articulacións e tecidos circundantes e normalmente vai seguida dun comportamento extraarticular que dana órganos, como o pulmón, o corazón, o ril; polo cal, a Artrite Reumatoide, considérase unha enfermidade sistémica. Esta patoloxía cursa con: dor, rixidez, inchazón e perda de mobilidade articular, especialmente de mans, pés, pulsos, ombros, codos, cadeiras e xeonllos.

Lumbalxias-Lumbago-Lumbociatalxias-Ciatalxias-Dor do Ciático: dor na zona lumbar, como consecuencia da afectación do Nervio Ciático. Na ce na cadeira e chega, por detrás da nalga, detrás do xeonllo, ata o talón do pé. **Coxalxias:** dor na zona da cadeira.

Espondilite Anquilosante ou Espóndiloartrite: é unha enfermidade inflamatoria crónica que afecta fundamentalmente ás articulacións da columna vertebral, que tenden a soldarse entre si, provocando unha limitación da mobilidade (de aí o termo anquilosante).

Fibromialxia: dor nos músculos e no tecido fibroso (ligamentos e tendóns). Caracterízase por dor muscular e esquelética xeralizada e sensación dolorosa a presión, nuns puntos específicos (puntos dolorosos). Esta dor, parécese á orixinada nas articulacións, pero non é unha enfermidade articular. Consiste nunha anomalía na percepción da dor, de maneira que se perciben como dolorosos estímulos que habitualmente non o son. Pode ocasionar rixidez xeralizada. Tamén poden notarse formigueos pouco definidos, que afectan de forma difusa sobre todo as mans. Non se coñece a causa desta alteración.

Gota: enfermidade metabólica producida por unha acumulación de microcristais dunha sal de ácido úrico, sobre todo nas articulacións, ril e tecidos brandos; por iso, considérase tradicionalmente unha enfermidade reumática, sendo, ademais, unha das poucas patoloxías reumáticas que se cura.

Lupus Eritematoso Sistémico: é unha enfermidade autoinmune. No LES o sistema inmunitario "confúndese" e non diferencia entre as partículas extrañas (antíxenos) e as propias células ou tecidos, e produce anticorpos en contra de "si mesmo". Cursa con brotes e é crónica.

Osteoporose: enfermidade esquelética que produce unha resistencia ósea, que predispón a un aumento do risco de fracturas. O óso vólvese máis poroso, con máis aire no seu interior, aumentando o número e o tamaño das cavidades ou celiñas que existen no seu interior. Desta maneira os ósos, fanse máis fráxiles.

Poden aparecer Enfermidades Respiratorias, Traumatismos e máis patoloxías, o que demostra o difícil e perigoso dunha profesión que as mulleres da comarca levan cunha entereza digna de eloxio e que debemos valorar de forma moi importante.



GASTRONOMÍA

AMEIXAS Á MARIÑEIRA

Ingredientes:

- 3 Kg de ameixa babosa
- 1/2 litro de aceite de oliva
- 1 cabeza de allos pequena
- 2 guindillas
- 1 petisco de sal
- 3 cebolas grandes
- 1 anaquiño de pemento morrón de lata
- 3 culleradas de fariña
- 1 vaso de viño branco (Ribeiro ou Albariño)

Elaboración:

O allo, o pemento e a cebola a poder ser pícanse na picadora e por separado. Nunha pota bótase o aceite a quentar, engádeselle o allo picado e maila guindilla, cando apenas comeza a dourar méteselle a cebola picada e o sal. Déixase facer a lume lento máis ou menos 30 minutos. Retíranse as guindillas, engádeselle o pemento, deixando que se faga outros 5 minutos. Pasado este tempo retírase do lume e bótase a fariña, remóvese e vólvese a poñer a lume lento 3 minutos máis. Por último incorpórase o viño branco mentres se lle vai dando voltas. Apágase o lume e resérvase para incorporar as ameixas. Lávanse as ameixas debaixo da billa e bótanse nunha pota grande, póñense ao lume e incorpóraselle a salsa, tápase e remóvese de vez en cando ata que estean todas as ameixas abertas. Chegado este momento quítanse do lume e xa están listas para comer.

Receita de Sara Otero



LECTURAS RECOMENDADAS

A CARPINTERÍA DE RIBEIRA E OS ESTALEIROS NO CONCELLO DE OUTES

Xoán Francisco García Suárez

Editorial Toxosoutos, 2008

Colección: Divulgación e ensaio



Comeza este libro cunha fermosísima poesía de Avilés de Taramancos (de *As torres no ar*) onde o poeta se integra en corpo e alma na construción dun barco de madeira. Cada unha das pezas que o maxistral carpinteiro utiliza son os seus ósos, os seus órganos vitais. Verbas fermosas: calafates, caderna, quilla ou galipote as deste poema para contribuír ao coñecemento da historia da carpintería de ribeira e estaleiros no concello de Outes, segundo a introdución de Pedro García Vidal. Xan García ofrece con este libro de investigación e moi documentado, incluíndo unha gran cantidade de fotografías, un estudo rigoroso sobre as orixes e a evolución da construción de barcos neste concello, que, como el mesmo indica no limiar, “ningún concello atopa na súa xeografía tal cantidade de carpinterías de barcos”. O autor documenta que a construción de embarcacións na ría de Noia poida ser anterior ao século XII e que o lugar de Serantes (San Cosme), seguramente usaba para o transporte e pasaxe embarcacións que dan lugar ás *lanchas sancosmeiras*. O porto de A Barquiña constrúese en 1168 e o autor documenta a actividade marítima da ría nesta época, na que os peregrinos que facían o camiño de Compostela a Fisterra antes da construción da Pontenafonso, cruzaban o esteiro do Tambre en barcas até Ceilán e Rates. Os séculos XIV e XV confirman o arranque e despegue da industria naval en Outes. Na segunda metade do século XVIII chegan industriais cataláns ás nosas rías e introducen novos métodos de pesca de arrastre máis rendíbeis, que compiten coas artes tradicionais galegas como o “cerco”, ou o “xeito”. Conclúe o autor que se dan as primeiras contradicións derivadas ao incluír métodos de produción capitalista. Os primeiros anos do século XX son a época dourada da carpintería de ribeira en Outes. Un importante acontecemento social e económico, como foi a revolución soviética de 1917, chega tamén ao Freixo, onde se convoca unha folga nos estaleiros. As mobilizacións obreiras influíron notabelmente nas condicións laborais e produtivas dos mesmos. Avanzado o século XX a produción de embarcacións de madeira decae. Varios factores inflúen neste declive e aparece un novo material que se vai impondo con forza: a fibra de poliéster.

Lidia Vicente

A outra xente de Outes. Un ser vivo moi especial: o noso mar.

M^a Paz González López

Quizais a consideración do mar como ser vivo non é moi científica, pero non me importa. En realidade, como sistema complexo que é, asemella un organismo: está formado por infinidade de pezas (con vida e sen ela), cada unha cunha función específica e tan profundamente interrelacionadas e en equilibrio, que a alteración ou mal funcionamento dunha soa delas pode ter consecuencias fatais para o todo. Temos o privilexio de vivir preto dun mar que por estar formado por pezas singulares é tamén único de seu. A fermosa paisaxe da costa é froito do traballo conxunto do río Tambre, que no pasado escavou o val que conforma a ría actual, e do mar que, tras invadir o val, foi esculpindo a liña de costa, arrincando materiais dos promontorios, grazas á enerxía que lle cede o vento, e depositándoos nas abras para formar praias ao perder enerxía. A extraordinaria biodiversidade que amosa é o resultado da tamén extraordinaria variedade de ambientes físico-químicos existentes na ría. No fondo da ría, os ríos que a alimentan confírenlle un ambiente de transición entre o medio fluvial e o mariño. Un fondo moi lamacento debido ao continuo aporte de sedimentos finos carrexados polos ríos, con baixa salinidade pola chegada de auga doce e moi influído polas mareas dada a súa baixa pendente, permite a formación de marismas e chairas de marea onde se desenvolven especies vexetais adaptadas a esas condicións cambiantes e unha rica fauna abundante en aves limícolas e acuáticas. Cara fóra da ría, o mar vai substituindo paseniñamente ao río como principal axente modelador. O fondo vaise facendo máis areoso alí onde predomina o depósito, e rochoso onde predomina a erosión. Estes dous ambientes están habitados por comunidades biolóxicas ben distintas. Nos areais, desenvólvense gran variedade de moluscos bivalvos e de vermes que aproveitan o substrato areoso para agocharse dos depredadores e se alimentan filtrando a auga ou a area. Nas zonas rochosas da costa, a variedade de organismos é case infinita grazas á heteroxeneidade de medios que xera a alternancia entre pozas de diversa profundidade e moreas de coios, e á variación diaria do nivel da marea, que orixina unha zonación das comunidades en función da súa resistencia ao desecamento. **A zona intermareal, que así se chama a banda da costa afectada polas variacións da marea, é unha das marabillas que agocha a ría e coa que nos agasalla dúas veces ao día, canda a baixamar, reservando para as cocas de marzo e agosto (as mareas máis grandes) os tesouros máis prezados, aqueles ocultos durante a maior parte do ano polas augas.** As poboacións de algas, ordenadas pola súa cor (verdes, vermellas e pardas desde as zonas superficiais ás máis profundas), pois dela depende que poidan absorber as radiacións solares capaces de atravesar a auga ata distintas profundidades, crean ambientes específicos onde se desenvolve unha amplísima e igualmente colorida variedade de animais, con representantes de todos os grupos taxonómicos. Algúns (esponxas, anémonas, mexillóns ou cirrípedos como os arneiróns e os percebes) viven fixos ao substrato, tapizando por completo as rochas e filtrando as augas para alimentárense; outros (lapas, caramuxas, vermes, estrelas, ourizos...) desprázanse moi lentamente polo fondo en busca de alimento; por fin, moitos outros (crustáceos como os cangrexos e camaróns, peixes...) nadan, cazando e sendo cazados. Mais esta explosión de vida só é posible grazas a que as especiais condicións existentes na ría permiten un gran desenvolvemento dos organismos que están na base da cadea alimentaria: os produtores, como se denominan en ecoloxía por ser os que producen alimento para o resto mediante a transformación de materia inorgánica (sales minerais, auga e dióxido de carbono) en materia viva mediante a fotosíntese. O crecemento destes organismos fotosintetizadores depende fundamentalmente de dous factores: a luz e os nutrientes (os sales minerais que á súa vez se orixinan por un proceso de degradación da materia orgánica morta que cae ao fondo realizada polos descompoñedores). A baixa profundidade da ría (a profundidade máxima, uns 50 m, acádase na boca da ría) permite a entrada da luz ata o fondo e, en consecuencia, que alí se desenvolvan algas macroscópicas. Pero, e aínda que resulte sorprendente, non son estas algas o principal sostén do ecosistema, senón unha morea de algas microscópicas que aboian na superficie: o fitoplancto, quen grazas á súa

elevadísima taxa de renovación é capaz de alimentar a un montón de animais que avultan moito máis ca el. O fitoplancto, precisamente por vivir na zona máis superficial da auga, non ten problemas por falta de luz, pero si os pode ter por falta dos nutrientes minerais orixinados no fondo. A localización da ría e a súa orientación NE-SO xeran unha dinámica interna que favorece o ascenso dos nutrientes cara a superficie. Durante overán, o vento predominante: o nordés, xerado polo anticiclón das Acores, empurra as augas superficiais cara fóra da ría obrigando á auga atlántica fría e rica en nutrientes a ascender cara a superficie; o fitoplancto ten alimento asegurado e os consumidores tamén. **Este fenómeno, denominado afloramento, é o responsable da enorme biodiversidade e da altísima produtividade características da ría de Noia. É difícil de imaxinar que as inxentes cantidades de berberecho, ameixa, mexillón e ostra que produce a ría dependan duns organismos microscópicos, mais é así.** E aínda máis, estes dependen á súa vez das correntes oceánicas e litorais, estas dos ventos, estes da posición das zonas de borrascas e anticiclóns, esta do diferente quecemento de distintas zonas da terra... E este? Pois de multitude de factores que en moitos casos resultan alterados polo ser humano. Unha das consecuencias do incremento do efecto invernadoiro, admitido por toda a comunidade científica, é a alteración das circulacións atmosférica e oceánica. Non podo afirmar que a estraña primavera que padecemos este ano sexa produto das nosas actuacións, porque é difícil demostralo, pero a máis remota posibilidade de que así sexa debería levamos a reflexionar sobre as posibles consecuencias e a actuar para evitalas. Porque, que será da nosa ría e da xente que vive dela se non chega o esperado nordés?





Café-Bar BERBERECHO

*Domingo Manuel Marín
María Teresa La Silva Romero*

- * MENÚ DEL DÍA
- * COMIDAS
- * TAPAS
- * MARISCOS

Cruz del Muelle, 45 - Ferrol (A Coruña)
981 765 015

Avilés de Taramancos: poeta do mar

Xoán X. Mariño

A milenaria relación de Galicia co mar, que se remonta aos oestrinios que espallaron por toda a fachada atlántica a cultura galega do bronce; pasa polos participantes na descuberta americana e oceánica, por Isabel Barreto, a primeira muller almirante da Historia; o intrépido capitán Méndez Núñez ou o noiés Alejandro Cadarso, héroe do Cavite, e chega aos mariñeiros galegos que descubriron o Gran Sol e hoxe faenan en todos os mares do mundo, traduciuse nunha longa tradición literaria de temática mariñeira: iniciada polos trovadores medievais que compuxeron as cantigas de *barcarolas*, que continuaron Cunqueiro (*Mar ao norte e Cantiga nova que se chama ribeira*), Bouza Brey (*Nao senlleira*), Cabanillas (*Vento mareiro*), Manuel Antonio (*De catro a catro*), e o gran libro mariñeiro de Blanco Amor (*Poema en catro tempos*) dedicado ao que morreron no mar; a eles véuselles sumar o poemario *Quechemare da saudade*, de Manuel Fabeiro, ata hai pouco tempo inédito. Tradición que culminou co poeta noiés Avilés de Taramancos. Escritor do amor, da saudade, da patria, do tempo, da máis diversa “silva de varia ferosura”, é tamén o máis importante poeta do mar da literatura galega contemporánea.

Unha das máis antigas mostras da súa chegada ao universo mariño está na *Carta gnómica a Urbano Lugrís*, o extraordinario “pintor de fuxidíos espazos mariños e naturezas mortas subacuáticas”, en palabras de Martín Veiga.

Meu gran Urbano: Escriboche na badía de Muros a bordo dunha goleta carregada de esmeraldas. Solmente ti podes maxinar a maravilla que fai o sol brincando de proa a popa (...)

Nantronte achei ó capitán Pardeiro nas ruas muradáns. Aquel que se perdera para sempre nos versos de Manuel Antonio. Ten unha colección de medusas nunha furna fisterrán, e viste o uniforme preto enfeitado de estrelas mariñas. Tiña unha fala salgada e queda cando parolaba dos lixeiros paillebotes solagados das loiras sireas de Eirín e do viño amoroso do Texo. Non esquecerei nunca o seu rir meridiano ó ver entre nós un lobo de mar rianxeiro de torto cachimbo e boina en tella.

Pouco máis tarde, nos *Poemas soltos a Maricarmen Pereira* (1961), escribe:

Vén a noite e a estribor. Silencio.

Navegamos no escintilante gozo da nebrina,

E a barlovento íspese e o delgado sorriso do misterio

Xa en Colombia, nos *Poemas da ausencia* (1963-68), aparecen algúns dos seus máis afamados versos:

Veu a visitarme o mar:

O mar de Fisterre, o mar da Vida

o mar maior dos paillebotes áxiles,

arrecendendo a aceit e de liñaz a de roupa mariñeira,

a saín e argazo,

a escuma fresca, a brea, a galipote.

De volta en Galicia, a viaxe marítima promove a saudade en varios poemas. Neles, pertencentes ao apartado “O cántico das naves” de *As Torres no ar* (1989), segundo de Álvarez Cáccamo, a voz do poeta, “ceibe sobre a superficie oceánica, medra para traer lembranzas doutros tempos”. Entre estes poemas de tono elexíaco, Marcos Valcárcel destaca un dos máis coñecidos, dedicado ao vello Pontella, un mariñeiro de baixura por quen o neno Avilés estaba fascinado na admiración dos seus saberes de carácter manual, como a elaboración precis a de cabazas, zocos ou gaiolas, que comeza así:

O pé do mariñeiro é de natural ancho

Esparrado nos dedos, afeitado a apouentar

a súa planta polo mol da areia. O tacto

tan sensible que coñece cando pisa na solla,

no pelouro, no argazo, no trabote. É unha sonda

a transmitir o estado da mar: Temperaturas,

fluxos, escamalos. Barómetro do tempo. Sinal

de fartura de peixe, ou de se houber

mar de fondo máis afora da ría

No mesmo poemario está o fermosísimo poema no que o autor rememora os días da infancia e o cadro dos artesáns do Freixo a construír un navío, producíndose unha fonda identificación entre a alma e o corazón do poeta e a



nova nao disposta a cruzar as augas da ría, que só espera o alento do vento para facer renacer a vida oculta entre as madeiras que repousan no estaleiro:

Na outra banda do mar constrúen o navío:

o martelar dos calafates resoa na mañá, e non saben

que están a construír a torre de cristal da miña infancia.

Non saben que cada peza, cada caderna maxistral

é unha peza do meu ser. Non saben

que no interior da quilla está a médula mesma

da miña espiña dorsal; que no galipote a quencer

está o perfume máxico da vida.

Que cando no remate ergan a vela, e a enxarcia

tremole vagarosamente no ar

será o meu corazón quen sinta o vento,

será o meu corazón.

Explica Cáccamo en “*Labor da terra e soño marítimo na poesía de Antón Avilés de Taramancos*” (2003) que “o poeta soubo manter en maxistral equilibrio ao longo dos doce versos deste poema singular dous planos complementarios de sentido: o alegórico da identificación clásica entre o barco e o corpo como vehículo da existencia e a evocación da asombrada experiencia contemplativa e soñadora do neno fronte aos navíos fondeados na enseada de Noia”.

Hai moitos outros marabillosos textos tanto en prosa como en verso referidos ao universo mitolóxico marítimo que construíu, pero ningún tan emotivos como os que integran a súa última obra, escrita no leito de morte: *Última fuxida a Harar* (1992), nos que o poeta alude á súa definitiva singradura:

Meu capitán, é a hora, é hora

de limpar os fanais, os astrolabios,

de abrir as caixas de ébano

de polir bronzes, de airear

as bandeiriñas do pañol e ver

esas chamas no ar de proa a popa

(...)

É hora capitán, collamos rumbo

de cara o tempo que fico no olvido,

ese espello de brétemas no fondo da memoria

e fai brillar en lampos unha tarde

que nunca volverá. Pero está viva.

Aquel martelar de calafates que resoaba na infancia, na hora inicial da construción do corpo e do coñecemento do ámbito primixenio foi, por último, veríx e que o arrasou no instante do solpor.

O mar de Avilés, conclúe Cáccamo, “é o espazo da liberdade e da aventura, escenario fantástico e páxina azul para os nomes míticos dos navíos, sementes da súa Poética Marítima, océano da saudade esencial e da nostalxia concreta, incitador do anxeio de evasión nómada contra a querencia do acougo terrestre, camiño sempre recomenzado por onde o corpo-barco do poeta tece a viaxe heroica de Ulises Fingal”. A súa viaxe, encetada en arrecendo de galipote, remata no sopro final daquel suspiro, *entre ouros e motoras que lle dan ao silencio/ rumor evanescente de vivir.*

Pílulas do Lcdo. Añón: á venda só en farmacias (II)

Ramón Blanco

Unha travesía marítima de Noia a Muros

Hoy es nuestra luz y guía la Virgen de los Dolores, que una mañana de flores desde el cielo nos envía, será nuestra travesía el más próspero viaje; el caprichoso celaje que hay en la celeste alfombra, nos da las grata sombras nos sirve de ramaje.

Este poema de circunstancias de Francisco Añón, seguramente de agosto de 1868 (cando andaba o poeta por Galiza, visitando amigos e parentes), leva un título ben transparente: "À la Stma. Virgen de los Dolores. Dedicado á la Srta. Doña Valentina Busto y Lamas. En un viaje de Noia á Muros". Se o texto non mente, foron compañeiros de viaxe nunha travesía en barco de Noia a Muros (daquela non había estrada), nunha mañá de verán na que o ceo estaba parcialmente cuberto de nubes. No libro de Xoán Francisco García Suárez *A carpintería de ribeira e os estaleiros no Concello de Outes*, lémbrenos continuamente que na Ría de Muros e Noia o transporte marítimo de pasaxe era unha actividade ben habitual, mantida ao longo dos anos nos míticos *carretos*. De súpeto fornécenos un dato que nos impresiona: a partir da segunda metade do XIX xa aparecen rexistrados paquebotes no noso concello, como, en 1860, o Virgen de los Dolores, construído polo mestre carpinteiro de ribeira Cipriano Domínguez. Non é sorprendente? *Se estamos no certo (e tras desbotar unha primeira idea: que a viaxe tivese lugar no día da festividade das Dolores)*, Añón non está invocando a intercesión da Virxe para teren unha boa viaxe, senón que "Virgen de los Dolores" é o paquebote no que cruzan a ría!

Dous negocios na vila de Noia


Antes de que o recollese Bel Ortega na súa tese doutoral, o poema só figuraba na edición en folletín que se fora entregando en *El Tambre. Periódico de intereses generales, noticias y*

anuncios co título: *Composiciones poéticas del vate gallego D. Francisco Añón*. O folletín coas poesías iniciouse en 1879 e debeu rematar sobre os meses de xuño ou xullo de 1880. O periódico (que aparecía os mércores e sábados, mais tamén puido ter unha etapa semanal) tiña a súa imprenta, propiedade de José Rodríguez Rubial, na rúa Mazacáñamos, nº 11. O seu primeiro número data do 3-XII-1879, e o último coñecido parece ser o 161, do 9-VII-1888. A propia Emilia Pardo Bazán queixárase desta segunda edición (que ela coidaba ser primeira) das poesías: "tan mal impresas y con tales erratas que apenas se podía formar idea de su valor".

En 1889 o erudito Andrés Martínez Salazar acomete a terceira edición, moito máis coidada, xa en formato libro convencional, que foi posíbel grazas á doazón de textos por parte de varias persoas e corporacións, tal como consta nunha listaxe da páxina 329; a terceira persoa enumerada é "Busto, D. Eugenio", imán da señorita á que Añón dedicara o seu poema. Valentina Busto Lamas naceu en Noia en 1840, e morreu solteira en 1879, o mesmo ano que vían a luz *El Tambre*, o folletín e mais o poema.

Eugenio Busto Lamas era boticario na vila. Da primeira promoción de estudantes de Farmacia na Universidade de Santiago de Compostela, titulouse en 1862, aos vinte e cinco anos, e foi a terceira xeración ao cargo do negocio; a segunda botica civil máis antiga de Galiza, xa que data polo menos de 1750, que aínda ten abertas as portas na rúa do Comercio. É tan fácil imaxinar na rebotica do farmacéutico o exemplar de *El Tambre* co texto dedicado a súa imá, como é difícil saber que puido levar a que non se incluíse, dezanos despois, nunha nova edición.

O Carreto, en Noia



Será o meu corazón quen sinta o vento

Ramón Blanco

Hai dous libros que non deben faltar na biblioteca dos que amades o mar. Un é o de Xoán Francisco García Suárez, do que se dá noticia nas páxinas precedentes desta revista. O outro é de Xosé Agrelo Hemo: *Derrota e singraduras do Joaquín Vieta*. Ambos os dous comezan con cadanseu poema de Antón Avilés de Taramancos (poeta do mar, como se demostra noutro artigo deste número), amigo que foi dos dous autores; e curiosamente as dúas citas están tomadas do mesmo poemario: *As torres no ar*. O instante que recolle a "foto antiga" (tomada polo investigador Fernando Alonso Romero) podería ser glosado só empregando versos soltos de Avilés: "arrecendendo a aceite de liñaza de roupa



maniñeira,/ a saín e argazo,/ a espuma fresca, a brea, a galipote". Dous ou tres homes gobernan unha lancha ou bote sancosmeiro (aproximadamente 6,70 m. de eslora e 2,20 m. de manga, con vela latina; adaptación outense da dorna, onde o mar se chama de San Cosme). Un vento de nada incha a vela e mais as camisas. Mar de prata que se torna chumbo na fotografía. Xa só contemplamos embarcacións así nas vellas fotos, nos bos libros, ou nos museos que aínda nos deixan ter. Auga, madeira e vento. Non son instrumentos musicais, mais son as pezas que fan danzar en voltas imposíbeis, cal na memoria da xente máis vella, os veleiros: camelias do mar, chamáballes Avilés de Taramancos. E ben chamados estaban.



Depuradora de Mariscos

RAMAIS

Fco. Rama Vázquez

T. 630 43 43 81 · 652 94 10 03

O'Freixo · OUTES · 15288 A Coruña